

0.0/5

Comentar (0)

0

Me gusta 0

Twitter 2

Imprimir

Enviar por correo

Investigadores vigueses participan nun proxecto financiado pola NASA

Tratarán de coñecer os efectos do cambio climático en bivalvos

VIGO. EP

A- A+

Investigadores da Universidade de Vigo participan nun proxecto financiado polas institucións estadounidenses NASA (National Aeronautics and Space Administration) e NSF (National Science Foundation) para o estudo dos efectos do cambio climático en bivalvos.

Así, a parte galega traballará principalmente con ameixas comerciais --fina, babosa e xapónica-- a través de experimentos de campo e laboratorio nos que se analizarán as súas taxas de crecemento e o seu comportamento en diferentes condicións ambientais e ante cambios fortes de temperatura e salinidade.

O proxecto ten como responsable principal ao investigador da University of South Carolina David Wethey, quen visitou Galicia xunto á investigadora Sara Woodin para coñecer o seu socio vigués: o grupo de investigación liderado pola profesora da Facultade de Ciencias do Mar Elsa Vázquez.

Os traballos dentro do proxecto prolongaranse ata o ano 2015 e teñen o obxectivo de saber qué especies de ameixas se van adaptar mellor a un cambio climático no que esperan temperaturas máis extremas, con invernos moito máis fríos e veráns máis cálidos, con chuvias máis concentradas e períodos máis prolongados de seca.

Así, a iniciativa pretende recompilar información histórica recollida polos satélites, datos oceanográficos, biolóxicos e outros procedentes das capturas pesqueiras. Desta forma espera validar modelos que permitan predicir futuros impactos debidos ao cambio climático nos bivalvos, unhas especies "claves do ecosistema", segundo afirmou Vázquez.

Con estas investigacións espera poder predicir os límites biogeográficos de distribución no futuro, se se van mover cara ao norte ou o sur, a zonas máis frías ou máis cálidas; así como avaliar cambios na súa distribución, abundancia, produtividade e crecemento.

David Wethey e Sarah Woodin levan varios anos visitando as costas europeas dende Francia ata Portugal, incluíndo varios puntos de mostraxe en Galicia, relacionando os cambios observados con variables meteorolóxicas e o cambio climático. Agora, o grupo de investigación da profesora Elsa Vázquez convértese no seu socio en España e súmase, desta forma, a unha rede que inclúe ao Ifremer --equivalente en Francia ao

Máis visto

Ecologistas en Acción dan once bandeiras negras a praias galegas por verteduras, urbanismo e obras

Os afectados polas preferentes barallan facer unha manifestación en Madrid

O PP recortará 61 os deputados con ou sen apoio da oposición

A comisión da investigación das caixas en Galicia atrasarase polo menos ata agosto

[+ noticias](#)

Instituto Español de Oceanografía--, e ao Cibio de la Universidad de Oporto (Portugal).

Escribe o teu comentario

Para escribir comentarios ás noticias, debes ser usuario rexistrado. **De non selo rexístrate agora**

Alias

Chave

Título

Comentario

1000 Caracteres dispoñibles

 enviar

www.galiciahoxe.com eliminará os comentarios considerados ofensivos ou que vulneren a legalidade.

[Portada](#) [Galicia](#) [Blogs](#)



Ante calquera dúbida, problema ou comentario nas páxinas de Galicia Hoxe envíe un e-mail a info@galicia-hoxe.com.
Titularidade e política de privacidade

© 2012 www.galiciahoxe.com
Todos os dereitos reservados. Prohibida a reprodución total ou parcial do contido sen a expresa autorización do propietario.

